

## OUTRAS NOVAS DENDE A BIBLIOTECA DO IES DE QUIROGA

No terceiro trimestre haberá numerosas propostas en relación coa lectura, nunha nova edición de **"Abril de libros, maio de letras"**, na que se inclúen conmemoracións como o **Día do Libro** e o **Día das Letras**. Entre outras actividades, haberá recitais poéticos, actividades musicais, unha quiniela lectora, un novo **Mercado do Libro** de segunda man. Ide aforrando...

Pola súa parte, **Libromanía**, o Club de Lectura do noso IES, continúa a súa andaina: a sección de adultos está lendo ***Os camiños da vida***, de Otero Pedrayo e ***Wilt***, de Tom Sharpe, (moi recomendable para botar unhas risas). A rapazada anda moi liada estes tempos cos exames, pero aínda así participa tamén das actividades propostas. E xa queda menos para a tradicional saída lectora de fin de curso ;-)



Lemos un clásico ilustrado

### AS LECTORAS E OS LECTORES INFORMAN:

A finais do ano pasado faleceu **Xosé Fernández Ferreiro**, que fora membro do grupo Brais Pinto. Escribiu numerosas novelas, como *Morrer en Castrelo de Miño*, *A saga de un afiadador*, ou *Agosto do 36*, pero tamén *A morte de Frank González*, considerada a primeira novela de vaqueiros en galego.

Recentemente **Umberto Eco** (*El nombre de la rosa*) e **Harper Lee** (*Matar a un ruiseñor*) deixaron orfas as letras universais. Que a terra lles sexa leve.

Pero non todo son malas novas: **Helena Villar Janeiro**, recibiu o premio da AELG pola súa obra, **Marilar Alexandre** está proposta para entrar na RAG, Erín Moure foi Honoris Causa pola Universidade de Vigo e o **Día das Letras** foi para **Manuel María**, do que falaremos con vagar no próximo bibloletín.

## BOLETÍN INFORMATIVO DA BIBLIOTECA DO I.E.S. DE QUIROGA. MARZO 2016

### NOVIDADES



Non esquezas visitar: <http://biblioqueiroga.blogspot.com.es/>

## ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA 2016

Nestes meses, a biblioteca do IES de Quiroga, seguiu facendo actividades.

Para conmemorar o **Día da Ilustración**, de novo estivo presente no noso centro un ilustrador galego, neste caso **Miguel Fernández**, quen ademais de falarlle do seu traballo ao alumnado na charla “Contando con debuxos”, deixou mostras dos seus debuxos. Hai que agradecerlle que nos permitise expoñer temporalmente algúns orixinais das súas obras (*O fillo da furia*, *Os días do cometa*, e *A las cinco de la tarde*).



Estas ilustracións contribúen a ambientar o corredor da planta baixa, onde actualmente está a **exposición “Cómic, banda deseñada, novela gráfica”**. Terá continuidade aínda ata abril, coincidindo coa celebración do **Día das Artes Galegas**, que este ano ten como referente a figura de **Castelao**.



No blog da biblioteca hai moito máis para ver ...

## ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA 2016

A mostra da creatividade do alumnado do IES de Quiroga, xunto co do CEIP de Quiroga e o CEIP de San Clodio, pode verse nas páxinas da reedición do poemario de Manuel María ***Sonetos ao Val de Quiroga***, no que colaboraron coas súas ilustracións, que acompañan os versos do autor chairego e os magníficos debuxos de **Teixelo**, ilustrador da primeira edición.



En abril estará con nós **Xosé Estevez**, prologuista deste poemario, para falarnos desta obra e do seu autor, con quen mantivo unha gran amizade.



Os versos de **Rosalía** convertéronse unha vez máis en caligramas grazas á imaxinación do noso alumnado, e tamén están expostos no corredor, na zona da biblioteca. Deste xeito conmemoramos o 24 de febreiro este ano, día adicado á autora de *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*.

Para conmemorar o **Día Internacional da Muller**, ademais das actividades propostas por Orientación (proxeccións audiovisuais), establecéronse tres zonas na biblioteca e no seu exterior con materiais específicos sobre a presenza da muller na literatura: Voces Galegas, Protagonistas e Elas.

Nestas datas tamén se celebrou unha nova edición do concurso **“Dalles nome”** (proxeccións Donas de Si), no noso centro. Nesta ocasión as figuras femininas pertencían ao ámbito musical.

